



O PSdeG de Antas esixirá de novo no pleno as melloras e o aforro no alumado tras os continuos apagóns no Concello

Un apagón volveu deixar sen luz o casco urbano a pasada semana e aldeas como Castro de Amarante sufren fallos continuos polo “desastre de xestión do goberno”, ao que lle esixen “que dunha vez arranxe esta situación insostible”

O PSdeG de Antas insistirá no próximo pleno municipal en esixir “unha solución de inmediato” para os continuos apagóns que sofre o Concello, despois de que a semana pasada un novo fallo no alumado público deixara sen luz todo o casco urbano e estes problemas se repitan de xeito periódico en aldeas como Castro de Amarante. “Isto é un desastre de xestión, polo que pediremos que dunha vez arranxen esta situación insostible que fai parecer que en Antas vivimos no século pasado”, afirma Pilar García Porto, que lembra que os socialistas levan xa cinco anos reclamando melloras nas instalacións.

O último apagón do alumado público afectou a zonas céntricas como o colexio, o cuartel ou a carretera de Santa Mariña. “Isto repítese con frecuencia no casco urbano, con casos graves como a última Festa da Xuventude, con repercusións económicas para a hostalería ou un maior risco de accidentes pola acumulación de xente, sen falar da imaxe que damos ante as persoas que nos visitan”, critica a socialista, que destaca “o risco tamén nas aldeas, con carreteras con moito tráfico e escasa visibilidade e con casas nos marxes da calzada”.

Os socialistas veñen reclamando desde hai cinco anos que se fagan reformas no alumado público con dous fins: por unha banda mellorar as instalacións, “nas que hai cadros públicos abertos e incluso sen tapa, e hai aldeas nas que ata hai pouco tempo os veciños encendían e apagaban o alumado público”, e por outro lado diminuír cun plan de aforro “os elevadísimos consumos eléctricos que disparan as facturas”.

Despilfarro enerxético e falta de transparencia

García Porto lembra que o Concello de Antas rexeitou sumarse ao plan da Deputación provincial para realizar auditorías enerxéticas que suporía un 20% de aforro nas facturas da luz, e que na liquidación de 2011, o Concello presentou facturas para o mantemento do alumado por importe de 25.000 euros entre materiais e man de obra contratada cun terceiro, “cando o Concello conta con man de obra cualificada para estas tarefas, tal e como se fixo sempre ata ese ano”. Isto constitúe “un gasto innecesario e inexplicable, a non ser que teña fins electoralistas”, critica a socialista, que incide en que estas facturas e documentos “non especifican en ningún caso a finalidade e o destino do gasto”, tal e como fixeron constar nas alegacións presentadas ás contas municipais.

15 de maio de 2013